

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO ESPECÍFICO DE APODERAMENTO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE RESIDENTES EN CONTORNAS RURAIS NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no Diario Oficial de Galicia número 82 do 30 de abril de 1991.

Doutra parte:

Don Anxo Antón Queiruga Vila, [REDACTED], presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade con NIF G32115941, que actúa en nome e representación da entidade, nomeado polo acordo da Asemblea Xeral do 26/04/2023, segundo o disposto no artigo 36 seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao

abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade figura inscrita no Rexistro de Asociacións co número 2003-93-2. Así mesmo, a entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-154, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

V. Que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é a entidade que representa ás asociacións e federacións de persoas con discapacidade física en Galicia, e á súa vez é membro de COCEMFE (Confederación Coordinadora Estatal de Persoas con Discapacidade Física de España), e tamén é membro fundador do CERMI-GALICIA (Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia).

VI. Que ambas partes son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade no medio rural, tendo en conta que a falta de accesibilidade, o envellecemento e a dispersión da poboación fan necesario habilitar solucións ás demandas das persoas con discapacidade que viven no rural, na contorna onde se desenvolven, na medida en que estas precisan de maiores necesidades de apoio e co obxecto de facilitarlles as maiores cotas de independencia e autonomía persoal.

VII. Que en atención a esta necesidade, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade leva a cabo un proxecto específico de apoderamento das persoas con discapacidade residentes en contornas rurais no exercicio 2023 contando con

actuacións específicas dirixidas a este colectivo, buscando acercar as accións á persoa con discapacidade e tendo en conta a situación da contorna onde se desenvolve persoal e socialmente co gallo de conseguir o máis completo desenvolvemento do seu potencial físico, psicolóxico e social, consonte aos seus desexos e plans de vida. Os problemas de illamento e de discriminación aos que se enfrontan as persoas con discapacidade aumenta considerablemente nas persoas con discapacidade residentes no eido rural.

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é unha entidade de ámbito autonómico que conta con centros de traballo nas seguintes localizacións: Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, e Medelo-Silleda. En todas elas, considerando que dende as mesmas se atenden a todas as comarcas de Galicia, desenvolverase este proxecto. En función das necesidades das persoas, os/as profesionais desprázanse ao domicilio das mesmas, con obxecto de levar a cabo, na medida do posible, as actuacións no entorno de desenvolvemento da persoa, traballando coa persoa e seu entorno familiar.

O dito proxecto ten un carácter especializado con respecto as actuacións previstas no convenio asinado o 16 de maio de 2023 de concesión dunha subvención nominativa para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento da confederación e das súas entidades, polas persoas destinatarias do mesmo. O obxecto é o apoderamento da persoa con discapacidade residente en contornas rurais, que teñen dificultades de acceso aos recursos, o que o diferencia das actividades financiadas pola subvención nominativa, na que os destinatarios son persoas con discapacidade residentes en áreas urbanas. A través deste convenio hai un incremento das actividades previstas inicialmente dende a entidade, para que as persoas con discapacidade residentes no rural poidan ter acceso ás mesmas.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade para contribuír a través da concesión dunha subvención ao financiamento do desenvolvemento deste proxecto de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal no medio rural.

VIII. Este proxecto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto no artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos que se prevé a posibilidade de exceptuar o réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é a única entidade de carácter autonómico que dispón da infraestrutura necesaria e polo tanto, a única entidade habilitada para a realización das actividades obxecto deste convenio. Leva a cabo un proxecto específico de promoción da autonomía persoal no medio rural contando con actuacións dirixidas ao colectivo de persoas con discapacidade. A singularidade do proxecto vén determinada polas persoas destinatarias coa finalidade de habilitar solucións ás demandas das persoas con discapacidade que viven no rural, na contorna onde se desenvolven e co obxecto de facilitarlles maiores cotas de independencia e autonomía persoal.

Así mesmo, o artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prevé por razóns de interese público a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de urxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de persoas con discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, e a exclusividade do proxecto, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un proxecto de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal no medio rural, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

1. O obxecto do presente convenio é contribuír coa concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude do desenvolvemento dun proxecto específico de apoderamento da persoa con discapacidade residente en contornas rurais contando cunha metodoloxía de intervención dirixida a estas persoas dende a idade temperá, de cara a mellorar ao máximo o seu desenvolvemento persoal e social e prever a situación de dependencia pola Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI) .

As persoas beneficiarias deste proxecto son as seguintes:

- a) Persoas con discapacidade residentes na contorna rural galega (persoas adultas e persoas menores).
- b) Familias das persoas con discapacidade destinatarias do proxecto.

2. A elección dos lugares de execución do proxecto vén determinada pola idoneidade das instalacións, da localización dos recursos de apoio e da dispoñibilidade dos medios materiais da organización de cara a poder desenvolver as actuacións no medio rural das comarcas onde COGAMI ten centros de traballo con equipamento e recursos humanos (Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, e Medelo-Silleda). Nestes centros é onde se van desenvolver as actividades, e a onde van acudir a persoas destinatarias do proxecto.

Excepcionalmente, cando fose preciso polas necesidades das persoas con discapacidade beneficiarias do proxecto, os/as profesionais de COGAMI desprázanse ao domicilio daquelas , có obxecto de levar a cabo, na medida do posible, as actuacións na súa contorna de desenvolvemento traballando con elas e as súas familias tanto dende un punto de vista de necesidades como de sensibilización e concienciación social.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables do proxecto*



1. As actuacións que configuran o proxecto específico, dirixidas concretamente a persoas con discapacidade residentes no rural, son:

a) Habilitación psicosocial co obxectivo de que as persoas con discapacidade que viven no medio rural acaden unha vida o máis autónoma posible. Inclúe entre outras as seguintes accións:

1º. Traballo coa persoa con discapacidade e a contorna dende o punto de vista social co obxecto de adquisición de capacidades e habilidades necesarias para o desenvolvemento dunha vida cotiá na comunidade da forma o máis autónoma posible.

2º. Actividades de capacitación en competencias transversais: resolución de conflitos, habilidades sociais, xestión emocional.

3º. Apoio na xestión de recursos segundo a necesidade da persoa con discapacidade.

b) Asistencia persoal a través de actuacións de asesoramento e autoxestión. Inclúe as seguintes actividades:

1º. Análise das necesidades da persoa con discapacidade e planificación das actividades a realizar.

2º. Formación aos asistentes persoais.

3º. Prestar apoio nas solicitudes e tramitación de asistencia persoal.

c) Habilitación funcional: desenvolvemento de actividades dirixidas a promover, restaurar ou/e manter a saúde das persoas con discapacidade intervindo sobre as características, destrezas, patróns ou contextos da dita persoa adulta e xove para lograr así a maior autonomía posible dentro dos seus intereses e necesidades (logopedia, fisioterapia, terapia ocupacional).

d) Información e asesoramento en todas as temáticas relativas á discapacidade e relacionadas coa súa participación e inclusión social: consultas de ámbito laboral, de dereitos e obrigacións, e recursos.

e) Información e asesoramento en materia de accesibilidade arquitectónica e urbanística.

2. A metodoloxía de traballo directo a desenvolver coa persoa con discapacidade é a da planificación centrada na persoa, así, partindo das necesidades da persoa e a da súa

contorna, deséñase un plan de apoios individualizados cos obxectivos a conseguir e as accións a realizar de cara a alcanzar os mesmos.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que ten previsto desenvolver COGAMI é de 145.000,00€.

Para o cumprimento das actuacións do proxecto relacionada na cláusula segunda deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará cento corenta e cinco mil euros (145.000,00€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. COGAMI terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Xuventude como órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto específico e nos lugares onde estas se realicen que é "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. *Obrigas e documentación*

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración e tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, presentará con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver COGAMI.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 90% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do proxecto a subvencionar e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e

achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2023**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do proxecto, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no presente convenio de acordo co recollido na memoria económica:

- a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención.
- b) Gastos derivados da xestión e organización do servizo de transporte adaptado.
- c) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade subvencionada.
- d) Outros gastos (auditoría).

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola persoa con capacidade da entidade beneficiara. Este pagamento debe referirse a gasto de accións realizadas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos

pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan ao proxecto a subvencionar, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibo da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do proxecto obxecto da concesión da subvención a través do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2023, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste proxecto, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas con discapacidade beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

3.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas por COGAMI.

4.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

5.º Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000,00€ deba ter solicitado COGAMI.

6.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa **auditora de contas** inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada pola persoa auditora de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1.º Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do proxecto que se relacionan na cláusula segunda como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2.º Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, COGAMI deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social e Xuventude" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3.º Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo primeira en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

4.º Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5.º Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6.º Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

COGAMI estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2024.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte de COGAMI, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións do proxecto a subvencionara a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto do proxecto a subvencionar, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

DÉCIMA. *Inexistencia de relación laboral*

COGAMI queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas do proxecto específico. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DECIMO PRIMEIRA. *Subcontratación*

COGAMI é a beneficiaria directa da concesión da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 20 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

COGAMI, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de COGAMI, designados por cada unha das persoas titulares da representación das partes asinantes así como os seus suplentes. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. A persoa que ocupe a secretaría, así como o seu suplente será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en discapacidade, designada pola persoa que ocupe a presidencia que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións que formen parte do proxecto específico a subvencionar.

DÉCIMO CUARTA. *Transparencia e bo goberno*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto

132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5

de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos

fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo dun mes; se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data de sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

O Presidente da Confederación Galega
de Persoas con Discapacidade

Fabiola García Martínez

Anxo Antón Queiruga Vila